



Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 26 DE XULLO DE 2019.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta minutos do día vinte e seis de xullo de dous mil dezanove, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Político PSdeG-PSOE:

D^a. MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
D^a. MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA (que se incorpora á sesión no momento que se expresa na presente acta)
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ

C.I.F. P-1503100-H

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VERA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Asiste á sesión a Interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro, e dá fe do acto a Secretaria xeral accidental da Corporación, dona María de las Nieves Fuentes Bermejo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.



Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS EN DATA 02/07/2019.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, de 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación a acta da sesión extraordinaria celebrada en data dous de xullo de dous mil dezanove, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión extraordinaria celebrada en data dous de xullo de dous mil dezanove, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria celebrada en data dous de xullo de dous mil dezanove.

2.- PROPOSTA RELATIVA A APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE CULLEREDO.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 16 de xullo de 2019 (correxida na mesma data por proposta da dita concelleira), ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural na sesión ordinaria de data 18 de xullo de 2019, que literalmente di:

"PROPOSTA AO PLENO DE MODIFICACION DO CADRO DE PERSOAL EVENTUAL

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, determina no seu art. 104.1 que "O número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno de cada Corporación, ao comezo do seu mandato. Estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos orzamentos anuais."

Así mesmo, no art. 104.1 bis da citada Lei establécese que:

"As dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponda a persoal eventual nos Concellos deberán axustarse aos seguintes límites e normas:

- a)** Os Municipios de poboación entre 2.000 a 5.000 habitantes poderán excepcionalmente contar cun posto de traballo cuxa cobertura corresponda a persoal eventual cando non haxa membros da corporación local con dedicación exclusiva.
- b)** Os Concellos de Municipios con poboación superior a 5.000 e non superior a 10.000 habitantes poderán incluír nos seus persoais postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder dun.
- c)** Os Concellos de Municipios con poboación superior a 10.000 e non superior a 20.000 habitantes poderán incluír nos seus persoais postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder de dous.
- d)** Os Concellos de Municipios con poboación superior a 20.000 e non superior a 50.000 habitantes poderán incluír nos seus persoais postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder de sete.
- e)** Os Concellos de Municipios con poboación superior a 50.000 e non superior a 75.000 habitantes poderán incluír nos seus persoais postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder da metade de concelleiros da Corporación local.

f) Os Concellos de Municipios con poboación superior a 75.000 e non superior a 500.000 habitantes poderán incluír nos seus persoais postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder del número de concelleiros da Corporación local.

g) Os Concellos de Municipios con poboación superior a 500.000 habitantes poderán incluír nos seus persoais postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder ao 0,7 por cento do número total de postos de traballo do persoal das respectivas Entidades Locais, considerando, para estes efectos, os entes que teñan a consideración de Administración pública no marco do Sistema Europeo de Contas.

Estes Concellos, se o fosen do Municipio de maior poboación dentro dunha Área Metropolitana, poderán incluír nos seus persoais un número adicional de postos de traballo de persoal eventual, que non poderá exceder do seguinte número:

- Seis, se o Municipio ten unha poboación entre 500.000 y 1.000.000 de habitantes.
- Doce, se o Municipio ten unha poboación entre 1.000.001 y 1.500.000 habitantes.
- Dezaioito, se o Municipio ten unha poboación de máis de 1.500.000 habitantes.”

O día 15 de xuño de 2019 tivo lugar a constitución da actual Corporación e o Pleno, en sesión celebrada o 02 de xullo de 2019, acordou aprobar a relación e creación dos postos de persoal eventual logo de levantar o reparo suspensivo formulado en dita sesión pola Intervención municipal.

A relación de persoal eventual supón as seguintes modificacións respecto da anterior:

C.I.F. P-1503100-H

Praza		Incremento de dotación	Diminución de dotación
Asesor/a técnico/a	A2	3	0
Secretario/a de alcaldía e grupo de goberno	C1	2	0
Asesor/a	C1	0	2

Esta proposta de incremento do cadro de persoal eventual supón un incremento de gasto que queda compensado con economías existentes no Capítulo I do orzamento de gastos vixente.

En base a todo o cal, e co obxecto de dar cumprimento ao acordo adoptado polo Pleno en sesión celebrada o 02 de xullo de 2019, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación o cadro de persoal eventual do Concello de Culleredo para adecualo á relación dos postos de persoal eventual creados mediante acordo plenario adoptado en sesión celebrada o 02 de xullo de 2019, tal e como aparece reflectida na seguinte táboa:

Praza		Ocupadas	Vacantes
Asesor/a técnico/a	A2	0	3
Secretario/a de alcaldía e grupo de goberno	C1	2	0

Segundo.- De conformidade co sinalado no artigo 169 do Real Decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a presente aprobación será unha aprobación inicial, trala que a mesma exporase ao público por quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o devandito prazo, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.



Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)  5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

A modificación do cadro de persoal considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións e entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista no apartado terceiro do artigo 169 do RDL 2/2004.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que na sesión plenaria de data 2 de xullo de 2019 aprobouse a creación das prazas de persoal eventual; dado que a Secretaría titular entende que a creación desas prazas ten que ser publicada no Boletín é polo que hoxe se trae para debate e votación nesta sesión plenaria a modificación do cadro de persoal, tratándose unicamente de incluír eses postos de persoal eventual no cadro de persoal e na plantilla, pedindo o voto a favor dos membros da Corporación.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que quere puntualizar dúas cuestións: a primeira é que a creación de postos esixe a convocatoria da Mesa Xeral que ela non ve no expediente por ningún lado; que se ademais se modifica esa creación de postos, concretamente os postos de asesores/as aos que se lles subiu o complemento específico, e se añaden postos que non existían no cadro de persoal, o seu grupo entende que é un tema a tratar previamente en Mesa Xeral de Negociación, non constándolle que se reunira dito órgano; que a maiores desta cuestión, a Interventora municipal mantense no reparo efectuado polo que anuncia que o seu voto será en contra.

Continúa a súa intervención e di que, aínda que xa sabe que o punto vaise aprobar independentemente do que diga a interventora porque o equipo de goberno ten maioría, sorpréndelle que se hoxe se aproba a modificación dun específico haxa xa unha resolución contratando a xente cun específico que aínda non se aprobou, solicitando aclaración sobre por que se contrata a un persoal cun complemento específico que de momento non está aprobado e se realmente está mal se proceda a anular esa resolución.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que el non entende moito do tema comentado pola Sra. Ferreiro Varela pero ela foi concelleira de persoal nun anterior goberno socialista polo que non se debería dubidar das súas palabras; que o equipo de goberno apurouse a contratar a dúas persoas como persoal eventual nos postos que agora propoñen engadir ao cadro de persoal; que na resolución 1020, do día 5 de xullo de 2019, resólvese contratar a dúas persoas e na propia resolución di “Vista a nota informativa de Secretaría, de carácter desfavorable, ...”; que por un lado están os puntos de contido económico aprobados no Pleno de organización, entre eles o persoal eventual, con informe en contra de Intervención, e por outro lado un recurso do BNG que está sen resolver no que se pide a anulación por nulidade de pleno dereito destes acordos polo que non terían efecto desde o momento que se solicitou; que o equipo de goberno procedeu xa a contratar a dúas persoas das cinco que decidiron crear como persoal eventual que antes tiñan un complemento específico de 85 puntos, uns 5.162 euros ao ano, e agora pasan a ter un complemento de 105 puntos, que supoñen uns 6377 euros ao ano, 100 euros máis ao mes aproximadamente, considerando que non pasaría nada se o equipo de goberno decidira agardar a ter as cousas ben feitas pero unha vez máis non garda as formas mínimas, dalle igual a Lei e o procedemento e estas dúas persoas, máis as outras tres, do grupo A2, que son de nova creación, incorren nos mesmos vicios nos que se incorreu cando se aprobaron as asignacións económicas no pleno de organización; que por todo isto o grupo político do BNG solicita que esta proposta se retire da orde do día en tanto non se resolva o recurso de reposición do BNG, que considera bastante ben fundamentado, e se emitan os informes correspondentes.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno vai manter este punto e sometelo a votación porque con total seguridade e tranquilidade considera que cumpre con todos os requisitos e criterios legais, tratándose de postos creados polo Pleno na sesión de data 2 de xullo, o que lexítima a creación deses postos, deses importes e deses conceptos, entendendo ademais que a modificación da plantilla non é obxecto de negociación polo que non é necesario convocar á Mesa Xeral de Negociación dado que o que se fai nesta sesión é incorporar eses postos de persoal

Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)  5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

eventual para poder publicalos no Boletín, pedindo que non se teña a máis mínima dúbida sobre se é ou non obxecto de negociación pois a lei así o establece, e xa o propio Tribunal Supremo descartou que sexa obrigatoria a negociación colectiva cando se trata de persoal eventual por considerar que tales determinacións da RPT insértanse na facultade da potestade organizativa excluída da obrigatoriedade de negociación; que este Concello tivo xa no 2009 un proceso xudicial no que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia determinou que non é necesaria a negociación colectiva nestes casos; que consideran que o que se está incorporando é a clasificación e non a plantilla polo que está exenta de negociación sindical polo que solicita se reconsideren as posicións e se vote a favor da proposta.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que lle senta mal que o Sr. Taibo Monelos diga que esta proposta cumpre con todos os requisitos legais cando hai un informe desfavorable da Intervención no Pleno anterior por ausencia de crédito e por ausencia dun plan económico-financieiro, un recurso de reposición en prazo do BNG sobre estas decisións solicitando se emitan novos informes e pedindo a nulidade de pleno dereito, informe desfavorable da Secretaria á resolución pola que se contrata a dúas persoas para dous postos de persoal eventual, informe desfavorable da Interventora para este punto, reiterándose no anterior, solicitando un mínimo de coherencia no diálogo e que non se diga que se cumpren todos os requisitos legais pois se o equipo de goberno fala de que algo é “grande” e a oposición di que é “verde” non hai entendemento posible pois se está a falar de atributos diferentes polo que se o equipo de goberno utiliza como recurso a súa maioría absoluta non pode estar falando de cumprir cos requisitos legais e que eles queren utilizar a política para resolver problemas pero cando isto non chega hai que acudir a outras capacidades.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que non se trata de pasar o rodillo pois o equipo de goberno argumenta con sentencias do Tribunal Supremo e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que responde nun caso concreto deste Concello de Culleredo e argumentan tamén baseándose en informes do xefe do servizo de contratación.

(neste intre incorpórase á sesión o concelleiro Sr. Suárez García)

Continúa a súa intervención o Sr. Taibo Monelos e pide que non se mesture o acordado no pleno de organización co que hoxe se trae a aprobación que é a incorporación do persoal eventual no cadro de persoal; que non se trata dunha modificación da RPT e non está suxeita a negociación da Mesa Xeral de Negociación; que hai que ter en conta tamén que o informe do BNG recurrido o acordado no pleno anterior non supón un recurso suspensivo pois do contrario os acordos plenarios non serían executivos, entendendo o equipo de goberno que o recurso presentado polo BNG será desestimado e dan argumentos con sentencias, con lexislación e con informes.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta anterior a proposta do grupo político do BNG de retirar este punto da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (seis) dos sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Abstencións: 3 (tres) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta do grupo político do BNG de retirar este punto da orde do día.

A continuación, A Presidencia somete a votación ordinaria a proposta anterior, obténdose o seguinte resultado:

5 de 57



Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

Votos a favor: 12 (doce), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: 6 (seis) dos sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: 3 (tres): García Gorostizu, Rico Verea e Prieto García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica de data 16 de xullo de 2019, como modificación proposta da mesma data, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.- PROPOSTA SOBRE DENEGACIÓN DE SOLICITUDE POLA XUNTA DE GALICIA SOBRE BONIFICACIÓN DO ICIO E TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS POLA EXECUCIÓN DA OBRA “REFORMA SALA DE CALDEIRAS IES UNIVERSIDADE LABORAL”.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelelira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 18 de xullo de 2019, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Administración electrónica, Participación cidadá, Educación e Medio rural na súa sesión ordinaria de data 18 de xullo de 2019, que literalmente di:

“A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional presentou unha solicitude de licenza para a execución da obra de reforma da sala de caldeiras para a súa adecuación á instalación de xeradores de calor a gas natural no IES Universidade Laboral e de bonificación do imposto de construcións, instalación e obras e da taxa por licenza urbanística.

O artigo 9 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais establece que non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

O artigo 103 TRLFL establece as posíbeis bonificacións que os Concellos poden establecer nas súas Ordenanzas Fiscais en relación co imposto sobre construcións, instalacións e obras.

A Ordenanza fiscal nº5 deste Concello, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, establece no seu artigo 5 unicamente a posibilidade de bonificación ata un 70% da cuota do imposto para as “construcións, instalacións e obras declaradas de especial interese e utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración”.

Neste caso, o solicitante non acredita a existencia de circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas nin de fomento do emprego que poidan xustificar a declaración de especial interese e utilidade municipal da obra.

En relación coa taxa por licenzas urbanísticas, a lei de facendas locais non establece a posibilidade de bonificación da mesma.

En base a todo o anterior propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Denegar a petición da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional de bonificación do imposto de construcións, instalación e obras en relación coa obra de reforma da sala de caldeiras para a súa adecuación á instalación de xeradores de calor a gas natural no IES Universidade Laboral, por non concorrer na

6 de 57

Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)  5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

mesma ningunha das circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen a súa declaración como de especial interese e utilidade municipal, tal e como establece o artigo 5 da Ordenanza Fiscal número 5.

Segunda.- Denegar a petición da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional de bonificación da taxa por licenzas urbanísticas relativa á obra de reforma da sala de caldeiras para a súa adecuación á instalación de xeradores de calor a gas natural no IES Universidade Laboral, por non estar establecida tal posibilidade na Lei de Facendas Locais.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o Pleno, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas locais.

O recurso será resolto no prazo dun mes –coas salvidades establecidas nos puntos j. e k. do citado artigo 14.2-, transcorrido o cal deberá entenderse o recurso desestimado por silencio administrativo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición, ou contra a desestimación por silencio poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución do recurso de reposición, ou ben no prazo de seis meses a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso de reposición, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que este punto está relacionado cunha petición que fai a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en relación cunhas obras na Universidade Laboral para instalar unha serie de caldeiras; que a Consellería solicita unha bonificación tanto do imposto de construcións, instalacións e obras como das licenzas urbanísticas, e ao someter a solicitude a informe considerouse que non proceden as bonificacións solicitadas; que as bonificacións están suxeitas a un principio de reserva de lei e teñen que estar recollidas, non recollendo a ordenanza correspondente deste Concello bonificación ou exención ningunha para estes conceptos, motivos polos que o equipo de goberno solicita a denegación da solicitude da Consellería de bonificación presentada tanto do ICIO como da licenza urbanística.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que se trae ao Pleno a proposta de denegación da petición da Consellería de Educación de bonificación do imposto de construcións, instalacións e obras en relación coa obra de reforma da sala de caldeiras para a súa adecuación á instalación de xeradores de calor a gas natural no IES Universidade Laboral, existindo a posibilidade de proceder á bonificación dun 70% cando son declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o equipo de goberno di que a Consellería non xustifica a existencia de circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas nin de fomento do emprego que poidan xustificar a declaración como de especial interese e utilidade municipal da obra, considerando o Sr. Chouciño que puidera ser que a Consellería de Educación non fora dilixente e non acreditara a conceorrenza esixida pola ordenanza, o que non lles sorprende pois a Consellería de Educación debe descoñecer Culleredo e a súa situación en canto ao mapa educativo do Concello de Culleredo, considerando que a administración municipal ten que estar moi atenta ás oportunidades e que a política ten moito de aproveitar as oportunidades, debendo o goberno municipal ser proactivo cando hai unha negociación na que se pode obter unha contraprestación en forma de recursos públicos, preguntando se sería tan difícil facerlle propostas á Consellería de Educación para facer un convenio coa



Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

Universidade Laboral do que todos saíran beneficiados e se ten difícil sería que os múltiples recursos dese centro se puidieran conveniar para que toda a poboación sacara utilidades públicas.

Continúa o Sr. Chouciño Garrido e di que o alcalde sabe que existía un proxecto que parte da mesma dirección da Universidade Laboral, un proxecto moi ambicioso de distribución de enerxía a través de auga quente a toda a contorna, dándose na Universidade Laboral as condicións óptimas para emprender unha acción dese tipo pois tratábase dun proxecto con consumo de biomasa e en Culleredo hai dúas comunidades de montes que suman perto de 500 hectáreas que poderían estar producindo biomasa en cantidade suficiente para abastecelo, atopando exemplos xa en Allariz, no ano 1998, ou máis recentemente en Silleda; que a propia Universidade Laboral conta con profesorado especializado, coas especialidades de auga, frío, enerxía, etc.; que non sería tan difícil tampouco facer un convenio para a utilización compartida da biblioteca pois a dirección ten amosado a súa disposición, ou para utilizar a piscina da Universidade Laboral, traéndola ao século XXI, ou para compartir o centro de emprendedores que hai na Laboral; que a Laboral é un conxunto arquitectónico con premio de arquitectura e con interese histórico artístico e que todas e cada unha das cuestións irían en beneficio compartido para ambas institucións, insistindo en que a política ten moito de saber aproveitar as oportunidades e solicitando que se retire esta proposta da orde do día, que se levante o teléfono para falar coa Consellería e se lle diga que se está en disposición de establecer un convenio de colaboración que xustifique e acredite o que pide a Consellería respecto da bonificación do ICIO.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que lle resulta ben curioso que en cuestión de ICIO no Concello de Culleredo que a preguntas do BNG a concelleira non soubo explicar a pasada semana en que estado está a tramitación do cobro do ICIO a EMALCSA pola obra que se paralizou na rúa Ribados, un ICIO aproximado de 30.000 euros e sobre o que non soubo se está cobrado ou non, dando a entender que en cuestión de ICIO hai quen goza duns privilexios dos que outros non dispoñen, insistindo en pedir a retirada da orde do día deste punto, en que se levante o teléfono para negociar e sacar beneficios para todo Culleredo.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que ao seu grupo tamén lle sorprendeu esta proposta e que terían que saber cal é o importe da obra e a canto ascende o ICIO, sorprendéndolle tamén que se diga que a Consellería non acredita circunstancias que acrediten un especial interese e utilidade municipal cando a Xunta ten uns formularios estándar debendo ser o Concello de Culleredo o único que se opón a que se bonifique o ICIO polo que se é certo que según a ordenanza de Culleredo en vigor a solicitude non cumpre os termos establecidos para proceder coa bonificación, debería estudiarse a posibilidade de redacción dunha nova ordenanza pois, ao igual que o compañeiro da Corporación Sr. Chouciño Garrido, eles consideran que facer política é algo máis que facer oposición e se deberían aproveitar oportunidades polo que solicita se modifique a ordenanza e se vote a favor da solicitude de bonificación proposta pola Consellería de Educación.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno basea a súa proposta nos informes técnicos e que eles non terían inconveniente en bonificar o ICIO ou a taxa por licenza urbanística da sala de caldeiras da Universidade Laboral se se cumpriran os requisitos establecidos nas ordenanzas fiscais do Concello de Culleredo; que consideran ademais que para a Xunta de Galicia pagar unha taxa non debería ser obstáculo que impida executar unha obra desas características.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-Presidente e di que cando o Concello de Culleredo fai unha obra nunha estrada da Xunta de Galicia ten que pagar as taxas relixiosamente pois do contrario non se lle permite pasar unha soa tubaxe aínda sendo de interese xeral; que este non é o motivo polo que se presenta esta proposta, motivo que xa foi moi ben exposto polo voceiro do grupo socialista e que ademais, se hai un goberno que de verdade intentou negociar coa Universidade Laboral e coa Consellería de Educación ese foi o goberno socialista de Culleredo, tanto coa piscina como coa biblioteca, o salón de actos, etc, obténdose sempre como resposta no, no y no, a pesar de telo pedido por activa e por pasiva, solicitando entrevistas á conselleira, ao conselleiro, na propia

Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)  5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

delegación da Xunta de Galicia, obtendo sempre como resposta non; que desde o Concello de Culleredo se está á espera de que respondan á posibilidade de convenir coa propia Consellería de Educación o uso comunitario dalgunhas das instalacións da Universidade Laboral que están infrautilizadas; que non se trata de politizar por temas partidistas e que no tema da caldeira quen falou coa Universidade Laboral e quen presentou o proxecto na Universidade Laboral da caldeira de peles foi o Concello de Culleredo porque a empresa, que tiña unha subvención da Unión Europea, viña condenada doutro Concello por facer unha barbarie noutro Concello e cando chegou a Culleredo se lle esixiu que fixeran as cousas ben feitas e non utilizar solo público para unha finalidade privada e se lles dixo que convenirían coa Xunta de Galicia esa caldeira de peles que tiña unha subvención millonaria da Unión Europea, sendo eses os trámites cos que estaba o Concello de Culleredo, disposto a convenir o propio uso desa caldeira de peles que serviría para subministrar auga quente non só á Universidade Laboral senón tamén a todos os colexios que están colindantes, a propia piscina da Universidade Laboral, o IES Rego de Trabe, o colexio Vila de Rutis, o Centro de Saúde e incluso que os propios veciños e veciñas, dentro das posibilidades desa caldeira, puideran utilizar esta fonte de enerxía natural.

Continúa a súa intervención o Sr. Rioboo Castro e di que lle queda a dúbida de que pasaría se non se lle cobrara o ICIO e se o Sr. Chouciño Garrido esixiría que se lle cobrase dadas as actuacións un tanto ambiguas ás veces parecendo que pregunta se se cobra por que se cobra e se non se cobra por que non se fai, faltando coherencia nalgúns casos nas súas xestións.

De seguido solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o Sr. Taibo Monelos di que esta é unha cuestión de informes técnicos e o que eles están pedindo é un informe xurídico e lle piden que fagan política e non se escuden unha vez máis en informes técnicos; que o Sr. Rioboo Castro di que están negociando, parecendo un argumento improvisado porque aínda que xa saben que a Xunta de Galicia ten tamén o seu propio rodillo e ás veces é coma un muro de formigón no que non se pode entrar, o que o Sr. Chouciño pide é que se faga política e se aproveiten as oportunidades preguntándolle ao Sr. Rioboo a quen se refire cando fala de "se non llo cobramos".

Responde o Sr. Alcalde e di que o que non o cobraría sería o Pleno, o Concello.

Retoma a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que non sempre é así e recorda algún deses expedientes que acabou levando a policía xudicial que se referían tamén a obras sen licenza e ICIOs que non se cobraban.

Intervén o Sr. Alcalde e pregunta se o Sr. Chouciño se refire á Policía xudicial que devolveu toda a documentación levada dicindo que non había ningún tipo de delito e que arquivou o tema.

Retoma a súa intervención o Sr. Chouciño e pide que non se lle interrompa cando está no seu uso da palabra dicindo que da revisión dos expedientes de obras referidos, examinados por outros motivos, descubriuse que algún deles tiña o ICIO sen liquidar, establecendo a ordenanza correspondente que devengarán ICIO todas as obras que teñan a obriga de obter licenza, independentemente de que a obtiveran ou non, e que iso de "ti vai facendo" e de que "como non tes licenza non pagas ICIO" non é así e aquel que foi facendo tiña a obriga de obter licenza e polo tanto devenga ICIO e así llo ten que liquidar a Administración; que resulta curioso que hai contratada unha empresa para colaborar na liquidación do ICIO, información pública que se pode comprobar na web consultando os contratos menores do pasado trimestre, dando así a impresión de que se está pagando para nada, pedindo que retire este punto da orde do día porque considera que é unha grande oportunidade de darlle a volta ao que dixo o Sr. Taibo Monelos.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente e di que insiste en que as conversacións mantivéronse e seguen abertas de forma oficial, sen que haxa improvisación ningunha, reiterando que o ICIO ao que o Sr. Chouciño fai alusión e ao que lle encanta reiterar, refírense a uns expedientes que foron devoltos polo Xulgado que non viu nin sequera o máis mínimo indicio de delito penal.



Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do grupo político do BNG de retirar este punto da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (tres) dos sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera,

Votos en contra: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Abstencións: 6 (seis) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea, Prieto García, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta do grupo político do BNG de retirar este punto da orde do día.

A continuación, A Presidencia somete a votación ordinaria a proposta anterior, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (doce), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: 3 (tres) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea e Prieto García.

Abstencións: 6 (seis): Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica de data 18 de xullo de 2019, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- DACIÓN DE CONTA LIQUIDACIÓN DO PRESUPUESTO DO 2018.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución número 383/2019, de data 12 de marzo de 2019, que transcrita di:

“RESOLUCIÓN

Considerando os artigos 191 e seguintes do RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Considerando os artigos 89 e seguintes do Real Decreto 500/1990, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei reguladora das facendas locais en materia de orzamentos.

Visto o expediente de liquidación do Orzamento de 2018, e visto o informe da Intervención municipal de data 07/03/2019 e código de documento UIT13I008G

RESOLVO:

Primeiro.- Aproba-la liquidación do Orzamento de 2018, da que se deriva o seguinte

1.1. resultado orzamentario:

CONCEPTOS	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes	Resultado orzamentario
a) Operacións Correntes	21.275.501,53	17.549.312,43		3.726.189,10
b) Operacións de capital	345.916,96	2.788.340,19		-2.442.423,23
1. Total operacións non financeiras (a+b)	21.621.418,49	20.337.652,62		1.283.765,87
c) Activos Financeiros	4.837,71	4.217,25		620,46
d) Pasivos Financeiros	65.966,64			65.966,64
2. Total operacións financeiras (c+d)	70.804,35	4.217,25		66.587,10
I.RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I = 1+2)	21.692.222,84	20.341.869,87		1.350.352,97
AXUSTES:				
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesouraría para gastos xerais				
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			310.654,51	
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			172.312,30	
II. TOTAL AXUSTES (II = 3+4-5)			138.342,21	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)				1.488.695,18

1.2.- remanente de tesouraría:

C.I.F. P-1503100-H

COMPOÑENTES	IMPORTES ANO	IMPORTES ANOS ANTERIORES
1 (+) Fondos líquidos	8.718.473,35	8.079.793,67
2 (+) Dereitos pendentes de cobro	1.113.986,99	972.433,67
- (+) do Orzamento corrente	897.734,64	688.182,41
- (+) de Orzamentos pechados	99.038,42	103.122,96
- (+) de operacións non orzamentarias	117.213,93	181.128,30
3 (-) Obrigas pendentes de pago	725.081,07	1.329.873,13
- (+) do Orzamento corrente	104.792,72	770.131,30
- (+) de Orzamentos pechados	2.352,68	8.152,46
- (+) de operacións non orzamentarias	617.935,67	551.589,37
4 Partidas pendentes de aplicación	-36.690,87	-7.871,39
- (-)cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	36.690,87	7.871,39
+ (+)pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I Remanente de Tesouraría total (1 + 2 - 3)	9.070.688,40	7.714.482,82
II Saldos de dubidoso cobro	54.611,74	43.851,48
III Exceso de financiamento afectado	279.115,18	301.977,44
IV Remanente Tesourería para Gastos Xerais (I - II - III)	8.736.961,48	7.368.653,90

Segundo.- Dar conta ao Pleno Municipal da aprobación da liquidación do Orzamento do ano 2018, de conformidade co sinalado polo artigo 193.4 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidentencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-



Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses."

A continuación o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido, solicita intervir neste punto.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente que nos puntos da orde do día referidos a dacións de conta non proceden as intervencións, polo que deberá deixala para o punto de rogos e preguntas se desexa intervir.

5.- DACIÓN DE CONTA INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 02/05/2019 (código de documento UIT13I00CI)
- Informe de data 02/05/2019 (código de documento UIT13I00CH)
- Informe de data 13/05/2019 (código de documento UIT13I00E6)
- Informe de data 14/05/2019 (código de documento UIT13I00DZ)

6.- DACIÓN DE CONTA CESIÓN DE TERREOS PARA VIARIOS PÚBLICOS.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal das seguintes resolucións:

6.1.- Resolución número 644, de data 24/04/2019, de aceptación da cesión dunha superficie de 174 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Peiro de Arriba, parroquia de Celas, formalizada en escritura pública outorgada o 20/08/2018 ante a Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia dona María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 3393 do seu protocolo.

6.2.- Resolución número 645, de data 24/04/2019, de aceptación da cesión dunha superficie de 57 m2 para o seu destino a viario público na rúa Castela, parroquia de rutis, formalizada en escritura pública outorgada o 04/12/2018 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don Jacobo E. Pérez Rama, co número 2010 do seu protocolo.

6.3.- Resolución número 646, de data 24/04/2019, de aceptación da cesión dunha superficie de 19,95 m2 para o seu destino a viario público na rúa Condes, número 6, parroquia de Sésamo, formalizada en escritura pública outorgada



Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

C.I.F. P-1503100-H

o 21/11/2018 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don Manuel Mariño Vila co número 3363 do seu protocolo.

6.4.- Resolución número 657, de data 25/04/2019, de aceptación da cesión dunha superficie de 23,80 m2 para o seu destino a viario público na rúa Liñares, parroquia de Culleredo, formalizada en escritura pública outorgada o 21/09/2018 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don Rafael Benzo Sainz, co número 2674 do seu protocolo.

6.5.- Resolución número 658, de data 25/04/2019, de aceptación das cesións das seguintes superficies: 126 m2 (parcela 1), 65 m2 (parcela 2), 69 m2 (parcela 3) e 34 m2 (parcela 4), para o seu destino a viario público, no lugar de Cillobre, da parroquia de sésamo, formalizadas en escritura pública outorgada o 20/12/2017 ante a Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia dona María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 2288 do seu protocolo.

6.6.- Resolución número 659, de data 25/04/2019, de aceptación da cesión dunha superficie de 30,75 m2 para o seu destino a viario público en rúa Brea, parroquia de Sésamo, formalizada en escritura pública outorgada ante a Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia dona María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 1341 do seu protocolo.

6.7.- Resolución número 660, de data 25/04/2019, de aceptación da cesión dunha superficie de 109,42 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Celas, parroquia de Celas, formalizada en escritura pública outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don Emilio López Paz co número 856 do seu protocolo.

6.8.- Resolución número 661, de data 25/04/2019, de aceptación da cesión dunha superficie de 48,71 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Boedo, parroquia de Veiga, formalizada en escritura pública outorgada ante a Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia dona María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 1424 do seu protocolo.

936	14/06/2019	Concesión a J.F.P. e R.R.G. licenza primeira ocupación que solicitaron para ampliación planta baixo cuberta vivenda unifamiliar situada na rúa Ramón Maseda Reinante, parroquia de Rutis e aprobación da devolución do aval depositado por importe de 1000€.	
937	14/06/2019	Concesión a E.M.R. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	

C.I.F. P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-07-2019
938	14/06/2019	Concesión a T.L.A. dunha axuda económica para o pago de recibo de auga por importe de 98,38€, axuda económica en concepto de recibos de auga do 1º, 2º e 3º trimestre de 2019, pago recibos electricidade de outubro de 2018 a outubro de 2019 e máis.	
939	14/06/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a J.M.V.C. do recibo de auga do 1º trimestre de 2019 (82,66).	
940	14/06/2019	Concesión a E.P.F. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
941	14/06/2019	Concesión a L.S.R. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1075,00€.	
942	14/06/2019	Aprobación do reembolso da cantidade ingresada polo concepto de Imposto sobre Obras e Construcións por importe de 4.290,39€ a J.A.M.M.	
943	14/06/2019	Corrección do erro detectado na resolución número 818/2019.	
944	17/06/2019	Aceptación desestímulo solicitude licenza obra respecto da ampliación da sala de caldeiras do IES Laboral para o seu funcionamento con biomasa, situado R/ Salvador Allende, Rutis, que formulou R.G.-C.F. como administrador único da sociedade Generpel SL.	
945	18/06/2019	Creación das áreas de goberno local.	
946	18/06/2019	Nomeamento membros da Xunta de Goberno Local.	
947	18/06/2019	Nomeamento Tenentes de Alcalde.	
948	18/06/2019	Delegacións xenéricas áreas de goberno local.	
949	18/06/2019	Delegación especial servizos de deportes e xuventude a favor D. Miguel Suárez García, servizo de maiores a favor D.ª Susana Amor Fernández, servizo de cultura a favor D.ª M.ª Penélope López Díaz e servizo de comercio local a favor Mario A. Iglesias Gómez.	
950	18/06/2019	Delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.	
951	18/06/2019	Apertura dun novo prazo para a presentación de solicitudes para os interesados en participar na campaña de verán 2019 organizada pola Deputación da Coruña, sendo este do 19 ao 26 de xuño de 2019. Solicitudes presentadas anterior prazo danse por presentadas.	
952	18/06/2019	Concesión a A.B.V. dunha axuda económica para o pago de alugueiro e fianza por importe de 833€.	
953	18/06/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a T.C.V. do recibo de luz por importe de 101,98€ correspondente ao período do 12-03-2019 ao 09-05-2019 e do recibo de gas por importe de 51,84€ correspondente ao período do 08-02-2019 ao 11-04-2019	
954	19/06/2019	Convocatoria á Sesión Constitutiva da Xunta de Goberno Local o día 20-06-2019.	



Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE) 5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

C.I.F. P-1503100-H

955	19/06/2019	Interposición recurso de reposición contra a Providencia de constrinximento ditada pola Tesourería do Concello de Cambre en relación co expediente: Nº liquidación orixe 2017/9890 3º trimestre 2017 - Auga Subministración Sueiro Culleredo.
956	20/06/2019	Avocación con carácter temporal do coñecemento de todos os asuntos da delegación xenérica da área de medio ambiente, obras e servizos ata que o concelleiro, D. Carlos Liñares Gestal, dispoña do certificado dixital,
957	20/06/2019	Delegación na concelleira D.ª Marta María Figueroa Fuentes do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre P.L.T. e E.J.D.P. o día 22 de xuño de 2019 ás 19.30 horas.
958	21/06/2019	Autorización suspensión provisional obxectivos calidade acústica na zona limitada polas rúas Juan Carlos I, Artes, Manuel Azaña, Templarios, Anxo Senra e Mosteiro de Carracedo durante o período do 24 ao 30 de xullo de 2019. (Festa do Burgo).
959	25/06/2019	Concesión ao funcionario F.J.V.T. da prolongación da permanencia na situación de servizo activo dende o día 03-09-2019 ata o día 02-09-2020.
960	25/06/2019	Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de empregados municipais realizados nos meses de marzo, abril e maio de 2019. (P.B.S. e máis)
961	25/06/2019	Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de empregados municipais realizados nos meses de marzo e abril de 2019 (G.V.G.).
962	25/06/2019	Concesión a J.L.T.P. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 2 horas á semana (agás festivos).
963	25/06/2019	Concesión a L.F.M.R. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos).
964	25/06/2019	Concesión a J.M.V.L. da licenza de primeira ocupación que solicitou para unha vivenda unifamiliar situada na rúa Unión, parroquia de Culleredo e aprobación devolución fianza depositada neste Concello por importe de 5.250€.
965	25/06/2019	Orde paralización inmediata obras e incoación dun expediente de reposición da legalidade a Profergo, SL derivado da execución dunhas obras de movementos de terras na parcela A1 da rúa A do Polígono Industrial de Alvedro, sen contar co título habilitante.
966	26/06/2019	Delegación na concelleira D.ª Mª Penélope López Díaz do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre J.A.Q. e L.L.F. o día 29 de xuño de 2019 ás 19.30 horas.
967	27/06/2019	Convocatoria á sesión extraordinaria do Pleno Municipal do día 02-07-2019.
968	28/06/2019	Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago de facturas varias (G.F.G.- 540,02 € e máis).
969	28/06/2019	Aprobación dun expediente de transferencia de crédito por importe de



Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

C.I.F. P-1503100-H

		40.000,00€. (Remuneracións concelleiros con dedicación exclusiva e parcial, persoal eventual e adicados á asignación económica aos grupos políticos).
970	28/06/2019	Imposición sanción tráfico, expediente 4229/2019.
971	28/06/2019	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 4322/2019 e máis.
972	28/06/2019	Autorización ONG MESTURA uso Aula Intercultural: Ximnasio e aula anexa centro cívico Virgina Blanco (martes e xoves de 9.00 a 14.00 do 15 de xullo ao 31 de agosto de 2019 e da Aula 2 e aula informática Vilboa período solicitado agás aula informática xullo.
973	28/06/2019	Aprobación da liquidación en concepto de Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana correspondente á escritura de pacto de mellora do notario José Guillermo Rodicio Rodicio de data 10-07-2018 e protocolo núm. 881
974	28/06/2019	Anulación da liquidación practicada no primeiro trimestre de 2019 e aprobación dunha nova na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>55m3/trimestre) serán os establecidos para o 2º tramo, 0,66€/m3, a R.G.F.
975	28/06/2019	Autorización do uso da planta baixa do centro social "O Noso Lar" para a celebración dun campamento de verán de xadrez dende o 1 ata o 29 de xullo de 2019, en horario de 10.00 a 13.30 horas á ANPA ROSALIA DE CASTRO CEIP TARRIO.
976	28/06/2019	Exclusión procedemento adxudicación oferta presentada por ASFAGAL TECNICAS VIARIAS SL e adxudicación da execución da obra "PAVIMENTACIÓN EN LA RUA REGUEIRO, POS + 2018" á empresa CANARGA, SL, no prezo ofertado de 49.211,99€, IVE incluído.
977	28/06/2019	Adxudicación da obra "Renovación de camiños e vías municipais" á empresa ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA, fixando o prezo en 221.782,53€, IVE incluído e o prazo de execución en 45 días naturais.
978	28/06/2019	Adxudicación da execución do servizo "XX Campaña Mañás de campamento: Campamentos que concilian 2019" á empresa ESPROADE SL, fixando o prezo en 78.870,00€, IVE engadido.
979	28/06/2019	Concesión a S.I.B. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 3 horas á semana (agás festivos).
980	28/06/2019	Concesión a D.E.G.C. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075,68€.
981	28/06/2019	Concesión a M.D.F. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075,68€.
982	28/06/2019	Concesión I.M.P. axuda económica para pago recibos auga 1º, 2º e 3º trimestre 2019, pago de recibos de electricidade correspondentes a 6 meses de 2019, pago de recibos de gas correspondentes a 6 meses de 2019 e pago recibos comunidade por importe 360€.
983	28/06/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago M.C.L.V. recibo



Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

C.I.F. P-1503100-H

		auga por importe 55,22€ do 1º trimestre 2019 e pago recibos electricidade por importe 36,50€ períodos 13-02-2019 ao 13-03-2019, do 13-03-2019 ao 14-04-2019 e do 14-04-2019 ao 14-05-2019.
984	28/06/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.A.M. do recibo de electricidade, por importe de 13,41€ do período comprendido entre o 16-04-2019 ao 16-05-2019.
985	28/06/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a Y.M.C. do recibo de auga por importe de 90,67€ correspondente ao 1º trimestre de 2019. e do recibo de electricidade por importe de 78,34€ correspondente ao período do 04-02-2019 ao 04-04-2019.
986	28/06/2019	Concesión a S.S.S. dunha axuda económica para o pago do recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2018 (59,51€) e 1º trimestre de 2019 (58,79€), para mercar un grifo por importe de 65,50€ e para mercar un armario e un zapateiro por importe de 775€.
987	28/06/2019	Concesión a A.M.D. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075€.
988	28/06/2019	Concesión a R.C.J. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 900€, para o pago de recibo de electricidade por importe de 93,12€ do período do 06-02-2019 ao 06-03-2019 e recibo auga por importe de 81,26€ do 1º trimestre de 2019.
989	28/06/2019	Concesión a A.A.G. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1075€.
990	28/06/2019	Concesión a R.M.M.C. dunha axuda económica para o pago do recibo de auga por importe de 70,62€ do 1º trimestre de 2019 e para o pago de recibo de alugueiro por importe de 990€.
991	28/06/2019	Concesión a A.G.P. dunha axuda económica para o pago de recibo de electricidade dos meses de xaneiro a agosto de 2019, de recibo de auga do 1º, 2º e 3º trimestre de 2019 e para Bono de alimentos tipo A.
992	28/06/2019	Concesión a T.J.P. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075€.
993	28/06/2019	Concesión a A.E.R.G. dunha axuda económica para o pago de recibo de alugueiro por importe de 1075€.
994	28/06/2019	Concesión a A.M.S.F. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075€.
995	28/06/2019	Concesión a A.G.R. dunha axuda económica para o pago de recibos auga do 1º, 2º e 3º trimestre de 2019, pago recibos electricidade do período do 06-11-2018 ao 02-12-2018 (90,42€) do 02-12-2018 ao 02-01-2019 (123,30€) e do 02-01-2019 ao 06-02-2019 (248,66€)
996	01/07/2019	Concesión a D.G.P. e S.L.R. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Xesto, parroquia de Rutis.
997	01/07/2019	Concesión a J.F.G. da licenza de primeira ocupación para o corpo III, dunha nave industrial (sen actividade) na rúa José Espronceda, parroquia de Almeiras.



Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

C.I.F. P-1503100-H

998	01/07/2019	Orde a M.R.V.Z. de que proceda á reposición do terreo ao seu estado inicial, na parcela situada na rúa Fraternidade Campesina, parroquia de Orro, nun prazo de 3 meses
999	01/07/2019	Declaración caducidade procedemento reposición da legalidade urbanística, que se incoou pola resolución núm. 872 do 18-05-2017 a F.J.E.A., pola realización dunhas obras de movementos de terras nunha parcela situada no lugar do Vilar, parroquia de Sueiro.
1000	01/07/2019	Incoación expediente reposición legalidade a A.F.L.M. que se deriva da realización de obras de modificación e a ampliación do soto dunha vivenda unifamiliar situada no lugar Monte do Couso, parroquia de Ledoño, sen contar co título habilitante exible.
1001	01/07/2019	Concesión a Neograf Alvedro, SL da licenza municipal de obras para a construción dun edificio industrial nas parcelas J-10 e J-12 do Parque Empresarial de Alvedro.
1002	01/07/2019	Incoación oportuno procedemento para ordenar, no seu caso, execución obras especificadas a executar inmoible situado rúa Miguel González Garcés, que se autorizaron por resolución do 16-10-2018 da D.X. Patrimonio Cultural e audiencia a M.J.R.L e M.C.C.
1003	01/07/2019	Concesión a D.A.M.S. da licenza municipal para a legalización dunha vivenda unifamiliar situada na rúa Regueiro, parroquia de Rutis.
1004	01/07/2019	Concesión a M.D.M.G. e T.M.O.S. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Polvorín, parroquia de Culleredo.
1005	01/07/2019	Concesión a Y.P.M. e A.V.A. da licenza para as modificacións que se introducen no proxecto modificado para construción de vivenda unifamiliar e edificación auxiliar no lugar do Casal, parroquia de Sésamo.
1006	01/07/2019	Concesión a M.I.G.C. e P.L.G. da licenza municipal de primeira ocupación para unha vivenda situada na rúa Xesto, parroquia de Rutis e devolución da fianza depositada neste Concello por importe de 6.285€.
1007	02/07/2019	Outorgamento dunha licenza municipal para a instalación da terraza da cervexería "BARCELÓ" na rúa Amparo López Jean a M.L.G.T.
1008	02/07/2019	Concesión a L.C.F. dunha ampliación do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos).
1009	02/07/2019	Concesión a M.C.C.D. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade dunha hora á semana (agás festivos), do Xantar na casa para os sete días da semana e do servizo de Teleasistencia domiciliaria.
1010	03/07/2019	Delegación na concelleira, D. ^a María Guadalupe Pombo Carril, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre R.S.C. e C.G.T. o día 06-07-2019 ás 13.00 horas.
1011	03/07/2019	Delegación na concelleira, D. ^a María Guadalupe Pombo Carril, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre R.F.A. e H.B.V. o día 06-07-2019 ás 18.00 horas.



Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)  5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

C.I.F. P-1503100-H

1012	03/07/2019	Delegación na concelleira, D. ^a María Guadalupe Pombo Carril, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre Y.S.G. e R.N.N. o día 08-07-2019 ás 12.00 horas.
1013	03/07/2019	Aprobación liquidacións contidas padróns presentados Gestagua, SA relativos taxa distribución auga, IVE taxa distribución auga, taxa depuración augas residuais (IVE engadido) e canon auga 2º trimestre 2019 e autorización cobro correspondentes recibos.
1014	03/07/2019	Aprobación da certificación única da obra "Rehabilitación do pavimento na R/. Penaloureira e no cruce de San Cosme", a favor da empresa CANARGA SL polo importe de 30.900,00€.
1015	03/07/2019	Aceptación da cesión que fan M.M.P. e S.M.P. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 230,80 m2 para o seu destino a viario público.
1016	03/07/2019	Aceptación da cesión que fai J.A.G.P. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 76,80 m2 para o seu destino a viario público.
1017	04/07/2019	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 08-07-2019.
1018	04/07/2019	Asunción pola alcaldía da suplencia da concelleira delegada da Área de Seguridade Cidadá e Persoal, D. ^a Marta María Figueroa Fuentes, desde o día 9 ata o día 19 de xullo de 2019 (ambos os dous incluídos), sen que implique alteración da competencia.
1019	05/07/2019	Outorgamento a Lucus Events SL autorización demanial para a ocupación do dominio público local no lugar do Paseo Marítimo do Burgo durante os días 5, 6 e 7 de xullo de 2019. (Mercado Templario Burgo de Faro).
1020	05/07/2019	Nomeamento L.C.S. e A.J.S.M. como persoal eventual para ocupar o posto de secretaria da alcaldía e grupo de goberno, con dedicación exclusiva e retribucións correspondentes grupo C1, nivel complemento destino 20 e complemento específico anual 105 puntos.
1021	05/07/2019	Modificación da composición do órgano colexiado avaliador para a Convocatoria pública de subvencións municipais, destinadas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo e designación membros.
1022	05/07/2019	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2019/17. (TERCEIRO: INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS, SL-IMPORTE TOTAL: 22.124,90€ e máis).
1023	05/07/2019	Aprobación liquidación correspondente a alta no correspondente padrón. Concepto: taxa ocupación terreos uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa. Ano: 2019. Contribuínte: COLUCU,SL Ubicación: Av. Acea de Ama 18 baixo.
1024	05/07/2019	Aprobación da devolución da cantidade de 42€ ingresada en concepto de Prezo público por Mañás de campamento: Campamentos que concilian a P.C.M.



Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

C.I.F. P-1503100-H

1025	05/07/2019	Aprobación cancelación aval constituído por INSTELEC SL, importe 2.127,83€, concepto garantía definitiva contrato: Lote 1: Ahorro y mejora eficiencia energética por centralización puntos luz consumo libre y supresión vapor mercurio parroquia Castelo POS 2017.
1026	05/07/2019	Aprobación cancelación avais constituídos por INSTELEC, importe 2.887,15€ e 2.887,15€, concepto garantías definitiva e complementaria contrato: Aforro enerxético, supresión tanto alzado e mellora cadros eléctricos e luminarias Condes Andrade e máis POS+2017.
1027	05/07/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago C.L.S. recibo auga por importe 261,38€ correspondente ao período do 3º, 4º trimestre de 2018 e 1º trimestre de 2019, recibo de gas por importe de 201,87€ do período do 01-11-2018 ao 10-04-2019 e máis.
1028	05/07/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago A.G.B. recibo de auga por importe de 155,30€ correspondente ao período do 4º trimestre de 2018 e 1º trimestre de 2019, recibo de luz por importe de 65,65€ do período do 01-01-2019 ao 11-04-2019 e máis.
1029	05/07/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a D.D.F.T. do recibo de transporte por importe de 53,06€ correspondente ao período do mes de maio de 2019.
1030	05/07/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago M.U.L.G. pago recibo auga por importe de 126,91€ correspondente ao período do 4º trimestre de 2018 e 1º trimestre de 2019 e pago do recibo de comunidade por importe de 420€ de xaneiro a xullo 2019.
1031	05/07/2019	Modificación da contía concedida a S.S.S. para o pago de alugueiro do mes de xullo de 2019 e concesión dun importe de 113,94€ e concesión axuda económica para o pago do recibo de auga por importe de 86,06€ do 1º trimestre de 2019.
1032	05/07/2019	Concesión a E.C.L. dunha axuda económica para o pago dos recibos de comunidade por importe de 960€ correspondentes aos anos 2018 e 2019 e para o pago do recibo de auga do 1º e 2º trimestre de 2019.
1033	05/07/2019	Concesión a I.B.M. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075€.
1034	05/07/2019	Concesión a M.P.N.F. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075€.
1035	08/07/2019	Aprobación da lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a selección dun/dunha técnico/a de turismo (persoal laboral temporal).
1036	08/07/2019	Aboamento dunha gratificación económica por asistencia a xulgados fóra da xornada laboral por temas relacionados coa súa actividade profesional aos membros da Policía Local de Culleredo A.I.V. e máis.
1037	08/07/2019	Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de empregados municipais realizados nos meses de abril e maio de 2019, R.H.A. e máis.
1038	08/07/2019	Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de empregados



Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

C.I.F. P-1503100-H

		municipais realizados nos meses de marzo e abril de 2019 C.A.F.P. e máis.
1039	08/07/2019	Aceptación do desestimento formulado por J.F.B. da súa licenza de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Polvorín, parroquia de Culleredo, e aprobación da devolución da fianza en metálico que depositou por importe de 4.140€.
1040	08/07/2019	Orde a D.C.C. de que proceda á demolición do muro de contención que executou nunha parcela situada na rúa Reveriano Soutullo, parroquia de Rutis, nun prazo de tres meses.
1041	08/07/2019	Aprobación da cancelación do aval constituído por INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS, SL por importe 2.221,95€ en concepto de garantía definitiva do contrato: Ahorro y mejora eficiencia energética por implantación de luminarias led 1ª fase Paseo Marítimo.
1042	08/07/2019	Anulación da liquidación practicada no 4º trimestre de 2018 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>55m3/trimestre) serán os establecidos para o 2º tramo, 0,66 €/m3, a Y.D.C.
1043	08/07/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a D.D.F.T. do recibo de bono de transporte por importe de 53,06€ correspondente ao mes de maio de 2019.
1044	10/07/2019	Delegación no concelleiro D. Diego Antonio Taibo Monelos do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre A.M.E.T. e P.P.D. o día 13 de xullo de 2019 ás 13.30 horas.
1045	10/07/2019	Delegación no concelleiro D. Diego Antonio Taibo Monelos do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre M.C.M.I. e V.M.B.V. o día 13 de xullo de 2019 ás 19.00 horas.
1046	10/07/2019	Estimación das alegacións presentadas ao expediente sancionador de tráfico 1730/2019.
1047	09/07/19	Adxudicación obra "Renovación pavimentos nas rúas As Brañas, Jorge Guillén e Avda. De Fonteculler" á empresa IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL por 254.449,69 € IVE incluído.
1048	09/07/19	Adxudicación subministro "Reforma para o aforro enerxético nos alumeados públicos da urbanización Augas Mansas" á empresa INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS SL no prezo ofertado de 42.413,62 € IVE incluído.
1049	09/07/19	Denegación solicitude bonificación para o ano 2019 sobre consumo non incluído na cota dispoñibilidade na taxa por distribución de auga a A.G.S.F. por non constar como suxeito pasivo das mesmas.
1050	11/07/19	Concesión a N.F.V da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade con carácter provisional cunha vixencia dun ano.
1051	11/07/19	Concesión a V.B.S da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade cunha vixencia de 10 anos.
1052	11/07/19	Concesión a A.G.P da tarxeta de estacionamento por razón de

		discapacidade cunha vixencia de 10 anos.
1053	11/07/19	Concesión a M.P.S o servizo de teleasistencia domiciliaria.
1054	11/07/19	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia a A.P.M con data 31/05/2019 e a D.C.R coa mesma data
1055	11/07/19	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no forgar formulado por M.C.S e declarar concluso o procedemento.
1056	11/07/19	Atribución a P.B.S xefe de Cultura e Educación as funcións do posto de xefe servizo de Dinamización, Formación e emprego durante as ausencias do titular do mesmo e do suplente designado
1057	11/07/19	Convocatoria sesión ordinaria XGL do 15 de xullo de 2019
1058	11/07/19	Iniciación expte sancionador por presunta infracción en materia de tráfico. Expte 3636/2019 e máis.

9.- MOCIÓNS URGENTES

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que fixo unha pregunta en relación coa resolución número 1020/2019, de data 5 de xullo de 2019, relativa ao nomeamento como persoal eventual cunhas retribucións correspondentes ao grupo C1, nivel complemento de destino 20 e complemento específico anual 105 puntos, sendo a pregunta concreta e relativa a se se pode contratar o 5 de xullo a un persoal traendo hoxe a proposta a aprobación do pleno.

Responde o Sr. Alcalde e di que eses dous postos xa estaban na relación.

Intervén de novo a Sra. Ferreiro Varela e di que con 105 puntos e nivel 20 non aparecía.

Responde o Sr. Alcalde e di que este punto xa se debatiu e o que procede nestes casos é que dentro do debate da proposta, se algunha cuestión non queda suficientemente aclarada, se pida a palabra solicitando un turno de réplica pero non na quenda de rogos e preguntas onde non procede debatir de novo as mocións; que de todas formas falarase na Xunta de Voceiros para aclarar todas estas cuestións.

Intervén a continuación a Sra. Ferreiro Varela e di que ela fixo esta mesma pregunta dentro do debate da moción correspondente e que o voceiro do grupo socialista non lle contestou absolutamente nada polo que decidiu, dado que a resolución se atopaba dentro da relación de resolucións das que se dá conta ao Pleno nesta sesión, deixar o asunto e preguntar novamente por el dentro deste punto de rogos e preguntas, solicitando que conste en acta que fai a pregunta relativa a se se pode contratar con efectos de 5 de xullo de 2019 a unhas persoas cun específico anual de 105 puntos cando vai no cadro de persoal para aprobar hoxe.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente e di que aquí non se contrata nada se non hai un informe favorable.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo socialista, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que considera que si contestaron a esa pregunta e a resposta foi que entenden que si se pode porque xa se aprobou na sesión plenaria de data 2 de xullo de 2019 e ao estar aprobado e corresponder a potestade organizativa ao pleno permítese que se faga esa contratación con efectos de data 5 de xullo de 2019.



Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, pregunta en base a que artigo do ROM se denega intervir nos puntos da orde do día relativos a dacións de conta.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente preguntando en base a cal se permite.

Intervén o Sr. Chouciño Garrido e di que todo o que non está prohibido está permitido, que é unha base do Dereito e continúa dicindo que quere facer unha pregunta en relación co punto 4 da orde do día, relativo a dación de conta da liquidación do presuposto do 2018, porque resulta que hai un periodo medio de pago de pouco máis de cinco días, non chegando a seis, cando aparecen facturas con reparo por importe de 166.000 euros; que todos os membros da Corporación que hoxe están no Pleno poden ver que no punto 5 da orde do día hai unha longa lista de facturas que tiveron reparos da Intervención e que foron levantados eses reparos; que o informe ten data de 2 de maio de 2019 e vén dous meses máis tarde ao Pleno; que evidentemente, o que se acaba de expor corresponde ao exercicio 2019 pero os que xa estaban no Pleno antes do cambio de mandato saben que durante 2018 foron múltiples as ocasións en que houbo reparos nos mesmos términos, é dicir, que se están pagando facturas que prescinden completamente do procedemento de forma recorrente, por centos de miles de euros, pero polo que se informa nesta liquidación, de forma puntual, pagando como un clavo, e pregunta como pode ser isto e dá a resposta dicindo que hai un retorcimento do procedemento en base a incumplimentos brutais, recurrido de novo ao informe de Intervención do punto 5 para lembrar o mesmo parágrafo que vén en cada dación de conta deste tipo que di:

“En el registro de facturas constan justificantes de gasto respecto de los cuales no consta la tramitación del correspondiente expediente de contratación, que de acuerdo con la normativa de aplicación sería preceptivo”.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño e di que ao respecto desto hai unha cuestión en particular que é a obra famosa da escollera do río Trabe, que non foi recibida e polo tanto non hai factura, levando meses vencido pero sen que compute para o periodo medio de pago preguntando cal é a explicación a isto e dando como resposta que ao non recibir a obra non hai factura a pagar, sendo isto que di moi importante porque supón retorcer aínda máis a anomalía da contratación irregular para asegurar que seguen cumprindo o periodo medio de pago, variable importantísima para despois poder, por exemplo, invertir o remanente de tesourería, preguntando se todo isto sae gratis, se ter centos de miles en facturas que se tramitan sen expediente de contratación e que acaban derivando na situación que vén de describir sae gratis.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que con respecto ao punto número 5 xa avanzou antes que está relacionado co punto número 4 respecto dos argumentos en canto a como está o goberno municipal tratando as cuestións económicas, orzamentarias, de contratación e contables, tratándose neste punto de 133.000 euros máis que se xestionan sen ningún tipo de procedemento preguntando se para iso se esforzan os deputados no Congreso en redactar as leis de orzamento, de contratación, etc., que leven á transparencia, que propicien a loita contra a corrupción, para que despois non se usen e punto, contratando como quen colle cartos dun saco; que no informe da interventora se poden ver facturas que, extrapolando a un exercicio completo os servizos polos que se pagan, non serían un contrato menor, e pon como exemplos as facturas de Telefónica (3300 euros ao mes máis facturas recorrentes que no cómputo anual constituirían un contrato maior), Naturgy (2.300 só no mes de marzo), Alianzas y Subcontratas (2.500 euros ao mes), Limpesas Xalo (servizos de conserxería 18.800 euros só no mes de marzo), constituíndo todos eles contratos maiores e sendo cuestións sabidas tanto pola oposición como polo goberno municipal que cada vez hai máis servizos sen contrato, obviándose as licitacións, que non se tramitan conforme á Lei de Contratos, habendo, iso si, propaganda, pois esta non podía faltar.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que a Interventora advirte que “En el registro de facturas constan justificantes de gasto respecto de los cuales no consta la tramitación del correspondiente expediente de contratación, que de acuerdo con la normativa de aplicación sería preceptivo” e polo tanto, se non consta expediente de contratación non se pode saber se existía crédito, sendo o primeiro que se debe facer na tramitación dun expediente averiguar se existe crédito dispoñible cun informe que o acredite, e di que comenta todo isto porque a Lei de Facendas Locais, no seu artigo 217 relativo a Discrepancias, di que “Cuando el órgano a que afecte el

55 de 57

Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)  5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

reparo no esté de acordo con este, corresponderá al presidente de la entidad local resolver la discrepancia a no ser que se trate de insuficiencia ou inadecuación de crédito, caso este no que lle corresponderá ao Pleno resolver as discrepancias” e no artigo 218 desta mesma lei recóllese que hai que facer un informe de discrepancias, sendo esto comentado pola Interventora no seu informe dado que non consta no expediente o devandito informe, debéndose facer unha discrepancia do reparo da interventora para cada pago de cada factura, correspondéndolle despóis ao órgano correspondente resolver estas discrepancias, non sendo a Alcaldía este órgano senón o Pleno.

Dirixese a continuación o Sr. Chouciño Garrido ao Sr. Alcalde e lle di que comeza un mandato novo polo que se podería facer borrón e conta nova e facer as cousas ben, non dando o grupo político do BNG por válida esta liquidación e solicitando se realice a discrepancia, se incorpore ao expediente, e se aclare se a discrepancia corresponde á Alcaldía ou ao Pleno.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde-Presidente e di que entende que o exposto polo Sr. Chouciño Garrido é un rogo.

Responde o Sr. Chouciño Garrido e di que si, que é un rogo solicitando que non dean por válida a liquidación do presuposto do 2018 presentada e que incorporen ao expediente o que falta.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que na pasada comisión informativa o seu grupo fixo unha pregunta sobre as competencias do concelleiro de obras obtendo como resposta que era cuestión de ética e de que se trataba dun concelleiro novo na Corporación, sendo o caso que na publicación feita no Boletín Oficial da Provincia dise que non ten as competencias porque carece de sinatura dixital, facendo o grupo político do BNG o rogo de que o 2 de xullo, no pleno de organización, o Sr. Alcalde dá conta dunha resolución de 18 de xuño onde se recollen as competencias delegadas cando xa se avocaran as competencias do dito concelleiro en data 20 de xuño.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente e di que se trataba dunha dación de conta, non dunha proposta para votación, sendo potestade do Alcalde nomear aos tenentes de alcalde, afirmando que el en ningún momento falou de se o concelleiro era novo ou non, sendo o caso que as certificacións para a sinatura dixital chegaron hoxe.

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera, quen, unha vez concedido, di que a súa primeira pregunta foi achegada pola veciñanza da rúa Fonte da Balsa, en Vilaboa, que se acercaron ao BNG preocupados pola obra denominada “Recuperación integral de Fonte da Balsa” que durante o periodo electoral se comezou, instalándose valados de obra e se levaron á zona materiais para facer as beirarrúas, iniciándose os desbroces e desmontes, e que pasadas as eleccións as obras víronse paradas; que o BNG buscou no perfil do contratante a documentación para os traballos que xa se realizaron e tamén a obra completa tal como se publicitou e non atopou información ningunha ao respecto; que a veciñanza trasladoulle ao BNG a súa preocupación polo estado no que quedou aquel desmonte pois a chuvia arrastrou xa materiais para os garaxes da urbanización de Fonte da Balsa, polo que preguntan por que non aparecen estas obras no perfil do contratante, cando aparecerán e se namentres teñen pensado instalar algunha medida de seguridade para evitar eses escorregamentos.

Intervén de seguido o Sr. Alcalde-Presidente e pregunta se o grupo político do BNG lle explicou aos veciños que votaron en contra desa obra no Pleno municipal que se fixo co superávit do ano 2017 e que esa obra saíu adiante grazas aos votos do grupo socialista.

Intervén o Sr. Chouciño Garrido e di que o BNG non votou en contra.

Intervén o Alcalde-Presidente e di que para el se fan falta votos para aprobar unha proposta e un grupo se abstén indica que está en contra do proposto; que as obras necesitaban dun estudio xeotécnico que xa se fixo e agora está todo o tema en contratación; que el xa falou cos veciños tamén e están totalmente tranquilos e viron o expediente, habendo un proxecto técnico e agora hai que falar cos propietarios das fincas colindantes para proceder á compra dunha parcela para darlle o ancho suficiente ao vial e en breve se acudirá ao notario para poder licitar esa obra.



Código do documento	Código do expediente
USG13I00T9	USG/2019/124
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5X5A 3N44 384M 2V11 0W3J	

Intervén novamente o concelleiro do BNG, Sr. Méndez Mosquera e di que había outras dúas preguntas, sendo a primeira por que non se atopa ese expediente no perfil do contratante e se teñen pensado mentras tanto poñer medidas de seguridade para evitar os escorregamentos.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente e di que ese expediente non ten por que estar no perfil do contratante pois todavía non está contratado e o tema xeotécnico do que falou tampouco é necesario colgalo no perfil do contratante pero que de todas formas, se tivera que estar, preguntará por que non o está.

A continuación o concelleiro Sr. Méndez Mosquera di que ten outra pregunta relativa a que nestes últimos días, a través da prensa pois non tiveron información por outros medios, de como o aeroporto tiña vetado o funcionamento dunha das atraccións que agora mesmo se atopan instaladas nas festas do Burgo, preguntando se nunhas festas con tan alta participación como son as do Burgo hai deseñado un plan de seguridade e cal foi o procedemento para outorgar as licenzas de actividade preceptivas para estas instalacións.

Responde o Sr. Alcalde e di que dirixe ao grupo político do BNG á concellería de Festas para que revisen os expedientes correspondentes e con respecto á atracción que estivo parada di que a data actual esa atracción está xa autorizada oficialmente.

Intervén o Sr. Méndez Mosquera e di que pedirán acceso do expediente á concellería de Festas e que ten unha última pregunta relativa á licenza de actividade da hípica Os Parrulos que se atopa en Sésamo e que xa foi precintada anteriormente por carecer de licenza de actividade porque o BNG ten preguntado en varias ocasións e ata o seu coñecemento segue sen ter licenza de actividade a pesar dos problemas que houbo xa co anterior alcalde, o Sr. Sacristán, anunciando as súas actividades entre as que se atopan campamentos infantís durante este verán podendo incurrir o Concello nalgún tipo de responsabilidade caso de existir calquera problema por non ter parado a actividade sen licenza desta empresa, preguntando se esta instalación conta con licenza de actividade ou non.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente e di que este é un tema que se atopaba xudicializado, non lembrando neste momento se hai xa sentenza ou non, remitindo ao departamento xurídico onde poden preguntar se se ditou sentenza e neste caso haberá que notificar ao propietario o que o xuíz decidira.

Intervén o Sr. Méndez Mosquera e pregunta se durante o proceso xudicial esta empresa non debería ter pechado as súas instalacións sen licenza de actividade.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente e di que el entende que non.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte e sete minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria xeral accidental, dou fe.

Vº e praxe,

O Alcalde-Presidente

(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente nesta data pola asesora xurídica que actuou como Secretaria accidental nesta acta)



RIOBOO CASTRO,
JOSE RAMON
Alcalde-Presidente
02/08/2019 14:18